

## MOCIÓN DE AER SOBRE PARALIZACIÓN A-59

PLENO 28 XULLO 2011. ACTA 15/2011

Vista a moción presentada por AER que, transcrita, di:

“Jorge Varela Couñago, concelleiro da Agrupación de Electores de Redondela, con base no artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte **MOCIÓN**, para o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Queremos dar voz a todas as persoas e colectivos de Redondela que se opoñen á autovía A-59, en especial á Plataforma Cidadá Contra a Autovía.

Chegounos a **preocupación dos veciños e veciñas pola perda da súa calidade de vida**: expropiación das súas vivendas, incremento da contaminación acústica, incremento da contaminación atmosférica, risco de contaminación das augas subterráneas que consumen, etc.

Vemos necesario **un modelo de mobilidade sostible**. O modelo que se vén impulsando desde hai décadas é insostible económica, social e medio ambientalmente. Este modelo de mobilidade que promove o uso do transporte privado e individual en detrimento do público e colectivo, vai totalmente en contra das directrices europeas de transporte e de loita en contra do cambio climático.

Non compartimos **o malgasto económico deste tipo de infraestruturas**. Na situación de crise económica actual cremos que este considerable investimento é un despropósito, ao tempo que se reducen os investimentos en sectores básicos para a cidadanía, como educación, sanidade, protección do medio-ambiente, investigación, servizos sociais ou mellora da calidade de vida.

Tampouco compartimos o tipo de financiamento que se leva implantando desde hai anos, con participación de empresas e banca, privatizando as obras públicas a través de concesións millonarias a 30 e máis anos.

Denunciamos tamén a falta de rigor dos estudos informativos destas infraestruturas no tema de rendibilidade das mesmas, poñendo sempre outros intereses por riba das verdadeiras necesidades da sociedade. Exemplos disto son o AVE Toledo-Albacete con tan só 9 pasaxeiros diarios dos 2.190 potenciais para ambos sentidos, ou os aeroportos de Cidade Real, Castellón ou Huesca, con investimentos millonarias e sen a penas actividade.

Estamos moi preocupados polo **impacto paisaxístico destas grandes infraestruturas**, que vai ser evidente con desmontes, trincheiras e viadutos en zonas tan emblemáticas como o monte da Peneda, O Val do Alvedosa e os montes comunais das diferentes parroquias. A modo de

exemplo inmediato, non hai máis que fixarse na desfeita brutal das obras do tren de alta velocidade (TAV). Este impacto verase considerablemente incrementado no caso da construción da autovía, cun ancho de tronco de máis do dobre que as dimensións do propio TAV.

Esta autovía ten tamén unhas repercusións negativas sobre o patrimonio histórico-cultural, sendo especialmente grave a desaparición dos restos da vía romana XIX, petroglifos aínda sen catalogar, muíños comunais, e a afección directa ao propio Camiño de Santiago.

Apreciamos unha **falta de rigor na redacción do proxecto da A-59**. Esta infraestrutura xustifícase politicamente como a solución para desconxestionar a ponte de Rande. Porén, o propio estudo informativo do proxecto recoñece que o número de vehículos diarios non variará en Rande a pesar de construírse a A-59.

O estudo omite tamén como lle afectará a autovía ao tráfico da Avenida de Madrid, que actualmente tamén ronda a saturación cunha Intensidade Media de Tráfico de 50.000 vehículos ao día.

Non se estuda tampouco a repercusión que o acceso na PO-250 (estrada de Amoedo) vai ter no seu tráfico dentro de Redondela.

Ademais de todo isto, os datos de tráfico utilizados para a elaboración do estudio son moi antigos e incluso non consideran algunhas infraestruturas rematadas dende entón no ámbito do estudo. Por outra banda non teñen en conta a suposta repercusión do TAV no transporte por estrada que xustifica a súa construción.

O estudo de rendibilidade emprega como referencia o prezo do carburante en 2007 e supón que este valor se manterá estable nun horizonte de 30 anos.

O estudo compara a rendibilidade das catorce alternativas propostas, pero non a da "alternativa cero". Así, non se pode saber se construír a autovía vai ser máis rendible que non construíla, ou se esa diferenza de verdade xustifica os danos que provoca.

Creemos que é máis oportuno, que os investimentos que o Estado ten pensado destinar no proxecto da A-59, sexan destinados a unha mellora e promoción do **transporte público**, comezando polo tren de proximidade, lamentablemente hoxe nun proceso incomprensible de desmantelamento, e continuando co transporte de ría e liñas regulares de autobuses.

Creemos tamén necesario mellorar os servizos á cidadanía a través do achegamento e descentralización dos mesmos, reducindo ao mesmo tempo a necesidade de desprazamento as persoas dende as vilas ás grandes cidades e redundando dunha maneira positiva na redución de vehículos que circulan polas estradas, con todas as consecuencias negativas que isto leva consigo.

Por último, pensamos tamén que é necesario investir máis recursos no mantemento das infraestruturas xa existentes, moitas delas en situacións de gran deterioro, incrementando deste xeito o risco de accidente nas mesmas.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello o seguinte acordo:

**Solicitar ao Ministerio de Fomento a paralización total e arquivo do proxecto da A- 59 no seu actual trazado.**

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

A Corporación, en votación ordinaria, adoptou os seguintes acordos:

- 1) Solicitar do Ministerio de Fomento a paralización total e inmediata e o arquivamento do proxecto da A-59 no seu actual trazado. Dito acordo foi adoptado por once votos a favor (dos 10 concelleiros do PP e 1 AER), e dez votos en contra (dos 8 concelleiros do PSdeG-PSOE e 2 do BNG).
- 2) A substitución da denominada alternativa 5 en favor da alternativa 11 como trazado definitivo da A-59. Dito acordo foi adoptado por dez votos a favor (dos 10 concelleiros do PP), dez en contra (dos 8 concelleiros do PSdeG-PSOE e 2 do BNG), e 1 abstención (do concelleiro de AER), repetíndose a votación co mesmo resultado e co voto de calidade do Alcalde..
- 3) A paralización do proxecto de ampliación da AP-9 e da ponte de Rande, ratificando o acordó tomado pola corporación municipal do Concello de Redondela no anterior mandato. Dito acordó foi adoptado por unanimidade dos 21 concelleiros da corporación municipal de Redondela.